



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano
15781 Santiago de Compostela
981 54 6558
www.edu.xunta.gal

galicia

Resolución de 9 de xullo de 2019 relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de 30 de novembro de 2018 (Bibliotecas Escolares Solidarias), ampliada pola resolución de 15 de abril de 2019, en referencia á iniciativa denominada SELO “BIBLIOTECA ESCOLAR SOLIDARIA” correspondente ao curso 2018/2019. Esta iniciativa realizase en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Con data 30 de novembro de 2018, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria correspondente ao curso 2018/2019 do programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, no que se inclúen diferentes iniciativas destinadas a promover o voluntariado cultural en relación coas bibliotecas e a lectura entre o alumnado dos niveis non universitarios e as súas familias, nos centros de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e a recoñecer, así mesmo, os esforzos das comunidades educativas por conformar “bibliotecas escolares inclusivas”, que axuden a paliar as desigualdades no acceso ao coñecemento.

En relación coa acción denominada **SELO “BIBLIOTECA ESCOLAR SOLIDARIA”**, integrada no programa Bibliotecas Escolares Solidarias, presentaron candidatura un total de 2 centros, para a renovación deste selo, segundo o contemplado no apartado 2, punto 3, da convocatoria, así como 10 novas candidaturas. Tamén a través da ampliación do 15 de abril de 2019 contémplase a posibilidade de premiar cunha asignación específica aos centros que acaden este recoñecemento.

Constituíuse a Comisións de Valoración prevista na resolución de 30 de novembro de 2018 (apartado 2, punto 4), para a concesión do SELO “Biblioteca Escolar Solidaria”, na mañá do 17 de xuño. Para a valoración das actividades tivérонse en conta os criterios contemplados na convocatoria de referencia. De acordo coa proposta formulada por esta Comisión e de conformidade co recollido nas resolucións citadas,

RESOLVO:

Primeiro: Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”

1. Unha vez valoradas as novas candidaturas presentadas e trala proposta da Comisión de Valoración, concédese o Selo “Biblioteca Escolar Solidaria” aos centros:

Centro	Concello	Provincia
CEIP P. San Marcos	Abegondo	A Coruña
CEIP P. Graxal	Cambre	A Coruña
CEIP Raquel Camacho	Coruña, A	A Coruña
IES Sofía Casanova	Ferrol	A Coruña
CEIP San Ramón	Moeche	A Coruña
CEIP da Pobra de Brollón	Pobra de Brollón	Lugo
IES Xermán Ancochea Quevedo	Pobra de Trives, A	Ourense
CEIP Pedro Antonio Cerviño	Campo Lameiro	Pontevedra
IES María Soliño	Cangas do Morrazo	Pontevedra

2. Concédense, así mesmo, os selos aos dous centros que presentaron candidatura para a súa renovación
 - CRA Mestra Clara Torres, de Tui (Pontevedra)
 - CPI P. Virxe da Cela, de Monfero (A Coruña)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano
15781 Santiago de Compostela
981 54 6558
www.edu.xunta.gal

galicia

Remitirase aos centros seleccionados un arquivo dixital co selo “Biblioteca Escolar Solidaria” que poderán inserir nos espazos web e outras publicacións da biblioteca escolar. Este selo é un distintivo de calidade en termos de traballo solidario e a favor da comunidade escolar. Así mesmo, cada centro recibirá un diploma acreditativo e, segundo se recolle no apartado 1, punto 4 da resolución de 15 de abril de 2019, pola que se amplía a convocatoria de 30 de novembro de 2018 do programa de Bibliotecas Escolares Solidarias, recibirá tamén unha asignación de 1.500€, contía que deberá ser destinada *“a actividades da biblioteca escolar no ámbito da atención á diversidade, que faciliten avances na configuración dunha biblioteca inclusiva”*.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

10
José Manuel Pinal Rodríguez